



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

## **ACTA NÚMERO 8 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 27 DE MAIO DE 2021**

### **PERSOAS ASISTENTES**

#### **PRESIDENTA:**

María Inés Monteagudo Romero (PP)

#### **CONCELLEIROS/AS:**

D. José Vázquez Rama (PP)

D<sup>a</sup> María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño (PSOE)

D<sup>a</sup> María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

D<sup>a</sup> María Lago Lestón (BNG)

D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia a concelleira D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres (CxG)

#### **SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup> María OfirAboy García

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria xeral do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte

#### **ORDE DO DÍA**





CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

## A) Parte Dispositiva

### **Primeiro. Aprobación das actas anteriores núm. 6 da sesión de pleno ordinario do 29 de abril de 2021 e núm. 7 de sesión extraordinaria do 6 de maio de 2021**

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 6 da sesión do pleno da corporación do 29 de abril de 2021 e núm. 7 da sesión extraordinaria do 6 de maio de 2021 que se presentan para que o Pleno as aproben. Non habendo ningunha observación, apróbase a acta núm. 6 da sesión de pleno ordinario do 29 de abril de 2021 e núm. 7 da sesión extraordinaria do 6 de maio de 2021 por unanimidade dos membros que estiveron presentes.

### **Segundo. Aprobación do expediente para a contratación da subministración da electricidade no Concello de Muros de alta e baixa tensión pola Central de Contratación da FEMP a través dun contrato baseado nun Acordo Marco**

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, que di que consta ditame favorable da comisión informativa que é do seguinte teor literal:

*“Ditame da Comisión informativa de Persoal, Facenda e especial de Contas*

*Aprobación do expediente para a contratación da subministración da electricidade no Concello de Muros de alta e baixa tensión pola central de contratación da FEMP a través dun contrato baseado nun Acordo Marco*

*Vista a seguinte documentación que consta no expediente do contrato baseado no acordo marco para a contratación da subministración da electricidade no Concello de Muros de alta e baixa tensión pola central de contratación da FEMP:*

- *Memoria da necesidade de contratar*
- *Providencia da Alcaldía*
- *Informe de Retención de Crédito e asignación presupostaria da Intervención municipal do 13/05/2021.*
- *Informe de Secretaría do 18/05/2021*
- *Informe de Intervención núm. 104/2021 do 18/05, favorable con observacións*

*Visto o modelo normalizado para realizar as invitacións ás empresas aprobado pola central de contratación da FEMP que se anexa a esta proposta de acordo*

*Visto todo o anterior, a comisión informativa eleva ao Pleno o seguinte ditame:*

*PRIMEIRO. Aprobar o expediente para a contratación da subministración da electricidade no Concello de Muros de alta e baixa tensión pola central de contratación da FEMP a través dun contrato baseado nun Acordo Marco.*

*SEGUNDO. Autorizar o gasto correspondente de acordo co seguinte detalle e coa seguinte imputación orzamentaria:*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2021(de xuño a decembro)	21/160.22100, 21/165.22100, 21/320.22100, 21/330.22100, 21/340.22100, 21/431.22100, 21/450.22100, 21/920.22100	256.477,67€,

*TERCEIRO. Enviar invitación a todas as empresas do acordo marco que, de conformidade cos termos da adxudicación do mesmo, estean en condicións de realizar o obxecto do contrato baseado, conforme ao modelo normalizado aprobado pola central de contratación da FEMP que consta no expediente.*

*CUARTO. Unha vez instruído o expediente pola central de contratación da FEMP, delégase na alcaldesa do Concello de Muros calquera trámite que sexa preciso para a adxudicación, notificación ou publicación do contrato baseado.*

*QUINTO. Dar conta ao Pleno da corporación da adxudicación do contrato."*

Intervén a Sra. alcaldesa que di que sempre hai moitos problemas coas facturas da luz e no seu día comprometéronse a regularizar esta situación, entre a documentación que se enviou vai o prego de cláusulas administrativas e consta no expediente a retención de crédito para este exercicio e o valor estimado do contrato son 2.242.364,10 euros tendo en conta o prazo máximo de duración de 5 anos e o posible incremento de ata o 20% do prezo inicial.

A voceira do grupo municipal socialista, a Sra. González sinala que xa votaron a favor na comisión informativa xa que lles parece algo urxente porque todos os anos foi un problema o pagamento da luz.

O concelleiro do grupo municipal CXG, o Sr. Quintela di que están de acordo xa que os contratos rematan e hai que volver a sacalos.

A voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. Lago indica que entenden que é necesario polo que non se van opoñer.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal CxG (2) e do grupo municipal do BNG (2), adopta o seguinte acordo:

Vista a seguinte documentación que consta no expediente do contrato baseado no acordo marco para a contratación da subministración da electricidade no Concello de Muros de alta e baixa tensión pola central de contratación da FEMP:

- Memoria da necesidade de contratar
- Providencia da Alcaldía
- Informe de Retención de Crédito e asignación presupostaria da Intervención municipal do 13/05/2021.
- Informe de Secretaría do 18/05/2021





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

- Informe de Intervención núm. 104/2021 do 18/05, favorable con observacións

Visto o modelo normalizado para realizar as invitacións ás empresas aprobado pola central de contratación da FEMP que se anexa a esta proposta de acordo

Visto todo o anterior, o Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente para a contratación da subministración da electricidade no Concello de Muros de alta e baixa tensión pola central de contratación da FEMP a través dun contrato baseado nun Acordo Marco.

**SEGUNDO.** Autorizar o gasto correspondente de acordo co seguinte detalle e coa seguinte imputación orzamentaria:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2021(de xuño a decembro )	21/160.22100, 21/165.22100, 21/320.22100, 21/330.22100, 21/340.22100, 21/431.22100, 21/450.22100, 21/920.22100	256.477,67€,

**TERCEIRO.** Enviar invitación a todas as empresas do acordo marco que, de conformidade cos termos da adxudicación do mesmo, estean en condicións de realizar o obxecto do contrato baseado, conforme ao modelo normalizado aprobado pola central de contratación da FEMP que consta no expediente.

**CUARTO.** Unha vez instruído o expediente pola central de contratación da FEMP, delégase na alcaldesa do Concello de Muros calquera trámite que sexa preciso para a adxudicación, notificación ou publicación do contrato baseado.

**Terceiro.Solicitud de axuda económica á Deputación da Coruña para o acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón**

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, que di que consta ditame favorable da comisión informativa que é do seguinte teor literal:

*“Ditame da Comisión informativa de Persoal, Facenda e Especial de Contas*

**SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA Á DEPUTACION DA CORUÑA PARA O ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO LAVADOIRO DO CHALÓN**

*Vista a necesidade urxente de actuar no lavadoiro do Chalón, situado na rúa do mesmo nome e no conxunto histórico da vila de Muros, debido ao mal estado do seu teito de formigón, que ademais rompe a estética do propio lavadoiro; polo que é preciso proceder ao derrubamento do teito, antes de que se desprenda, xa que neste caso suporía a desaparición total do ben, ademais do perigo que supón para a xente que pasa por esta zona.*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Visto o proxecto de "Acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón, Muros" redactado pola enxeñeira de camiños canles e portos, Rebeca Ferreiro Núñez, o 30 de setembro de 2020, que ascende a un total de 15.000,00 euros, IVE incluído.

E debido a que o Concello de Muros carece actualmente de crédito e recursos financeiros, tanto propios como alleos, suficientes para poder executar esta obra, polo que a financiación económica da Deputación da Coruña é idónea para a súa realización.

En base a todo isto, propoño ao Pleno da corporación:

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto denominado "Acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón" redactado pola enxeñeira de camiños canles e portos, Rebeca Ferreiro Núñez, o 30 de setembro de 2020 que ascende a un total de 15.000,00 euros, IVE incluído.

**SEGUNDO.** Solicitar unha subvención económica á Deputación da Coruña por un importe de 12.000,00 euros, o que supón o 80% do orzamento total, que ascende á 15.000,00 euros, co fin poder iniciar os trámites precisos para incoar o expediente correspondente e realizar a obra o antes posible.

**TERCEIRO.** Comprometer a dotar de fondos a parte da actuación non financiada pola Deputación da Coruña.

**CUARTO.** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento desta actuación.

**QUINTO.** Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas.

**SEXTO.** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do deste acordo e do correspondente expediente".

A Sra. alcaldesa di que este é un proxecto que xa tiñan redactado cando se fixo a obra do Chalón xa que se viu que o teito o lavadoiro está en moi mal estado e corre perigo de derrubamento e a Deputación vai a financiar este proxecto polo que piden este acordo plenario.

A voceira do grupo municipal socialista a Sra. González di que son conscientes de que está en moi mal estado e di que é unha pena que a obra non poida ser máis ambiciosa e que quere darlle as grazas aos compañeiros da Deputación da Coruña por mirar para Muros.

O concelleiro do grupo municipal CXG o Sr. Quintela di que lle resulta curioso que poñan na memoria, na exposición de motivos, que non hai recursos económicos para tirar o teito dos lavadoiros. E di que de vez en cando hai que tirar da vaca que está en Santiago e non muxir sempre da que está na Coruña. E sinala que da Xunta non viron nada extraordinario polo momento.

A voceira do grupo municipal do BNG a Sra. Lago indica que quen quita as castañas do lume neste concello é a Deputación. Di que a eles a obra parécelles escasa, pois gustaríalles que se substituíse a cuberta por outra coas indicacións de Patrimonio, e como xa era un proxecto que estaba redactado e pensado, puideron pedir axuda para a súa substitución, e di que como sinala o Sr. Quintela, puideron pedir axuda ao goberno amigo.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, por maioría absoluta dos seus membros presentes, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4) e coa abstención do grupo municipal CxG (2) e do grupo municipal do BNG (2), adopta o seguinte acordo:

Vista a necesidade urxente de actuar no lavadoiro do Chalón, situado na rúa do mesmo nome e no conxunto histórico da vila de Muros, debido ao mal estado do seu teito de formigón, que ademais rompe a estética do propio lavadoiro, polo que é preciso proceder ao derrubamento do teito, antes de que se desprenda, xa que neste caso suporía a desaparición total do ben, ademais do perigo que supón para a xente que pasa por esta zona.

Visto o proxecto de “*Acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón, Muros*” redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, Rebeca Ferreiro Núñez, o 30 de setembro de 2020, que ascende a un total de 15.000,00 euros, IVE incluído.

E debido a que o Concello de Muros carece actualmente de crédito e recursos financeiros, tanto propios como alleos, suficientes para poder executar esta obra, polo que a financiación económica da Deputación da Coruña é idónea para a súa realización.

Visto o ditame da comisión informativa, o Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto denominado “*Acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón*” redactado pola enxeñeira de camiños canles e portos, Rebeca Ferreiro Núñez, o 30 de setembro de 2020 que ascende a un total de 15.000,00 euros, IVE incluído.

**SEGUNDO.** Solicitar unha subvención económica á Deputación da Coruña por un importe de 12.000,00 euros, o que supón o 80% do orzamento total, que ascende á 15.000,00 euros, co fin poder iniciar os trámites precisos para incoar o expediente correspondente e realizar a obra o antes posible.

**TERCEIRO.** Comprometer a dotar de fondos a parte da actuación non financiada pola Deputación da Coruña.

**CUARTO.** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento desta actuación.


**QUINTO.** Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas.

**SEXTO.** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do deste acordo e do correspondente expediente

## **B) Mocións de urxencia**

Non se presentan

## **C) Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno**







CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

**Cuarto. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 436 do 26 de abril de 2021, ata o núm. 557 de 21 de maio de 2021, das Xuntas de Goberno Local núm. 11 de 16 de abril de 2021, núm. 12 de 7 de maio de 2021 e núm. 13 de 14 de maio de 2021 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal. E dar conta do informe de Intervención municipal 103/2021 de control financeiro permanente a posteriori de dereitos e ingresos da Tesourería municipal do exercicio 2019**

#### **Quinto. Rogos e preguntas**

**Contestación aos rogos e preguntas formuladas polo grupo municipal socialista formulados no pleno ordinario anterior.**

A Sra. alcaldesa di que o grupo socialista fixo algún rogo que foron atendendo pouco a pouco e tratarán de cubrilos todos.

**Contestación aos rogos e preguntas formuladas polo grupo municipal CXG formulados no pleno ordinario anterior.**

A Sra. alcaldesa di que o grupo de CxG preguntaba polo traslado dos postos do mercado, e di que agora que funciona o 100 % o espazo está todo cuberto arriba e abaixo.

**Contestación aos rogos e preguntas formuladas polo grupo municipal BNG formulados no pleno ordinario anterior.**

Sinala que o grupo do BNG preguntaba se teñen planeada a recuperación da ponte da Salina, e contesta que cando se fixo o trazado do Camiño de Santiago falouse de recuperar esta ponte e faláron dun anteproxecto do 2011 e di que é unha iniciativa na que están a traballar con dificultades. E indica que lle resulta curioso que falen de proxectos do BNG de máis de dez ano que non se levaron a cabo antes nin cando estaban gobernando e votaron en contra dos orzamentos e agora piden investimentos.

**Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal socialista:**

A Sra. González pregunta se xa se contratou xente para a limpeza de camiños e que a veciñanza se está a queixar polo estado dos parques e se se van a colocar papeleiras.

Tamén queren saber que pasa coa Bandeira Azul.

A Sra. alcaldesa contéstalle que non a pediron porque como a retiraron e unha das causas de non concesión é que a teñan retirada nalgunha ocasión, pois non se pediu, di que valorarán de pedila cando pase un tempo prudencial. E indica que os procesos de contratación están en marcha, de Turismo e de Incendios, e continuarán co persoal de praias e socorristas.

A Sra. González roga que lle boten un ollo a un poste da luz detrás da tenda de Margarita en Baño que ten os ferros ao aire. E di que a rede da pista de pádel está rota outra vez.

Tamén pregunta polos pregos da recollida de cans. E a Sra. alcaldesa contesta que están bastante avanzados. E di o mesmo do bar San Francisco, ao que contesta a Sra. alcaldesa que só falta un informe técnico.

O Sr. Ramón Lago Tajés roga que se saque un pivote de pedra que caeu na Maruca.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

### **Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal CXG:**

O Sr. Quintela di que tivo entrada no Concello unha solicitude de oito asociacións de Esteiro para a recuperación dos pasais da Salinas e queren saber que vai facer o concello con respecto deste tema.

Di que lles consta que a furgoneta do transporte adaptado está dando moitos problemas, polo que pregunta se o concello está traballando neste tema.

Pregunta se o concello comezou a traballar nas beirarrúas entre Abelleira e Tal e se consideraron a posibilidade de metelo no próximo POS.

### **Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:**

A Sra. Lago di que no anterior pleno preguntaron polo poste e polo sinal na Abelleira, e que a Sra. alcaldesa lles dixo que se ía solucionar axiña, e a situación segue sendo a mesma, polo que preguntan cando vai ser. O camiño de Salgueiros na Abelleira está nun estado lamentable, polo que rogan que se arranxe. O estado dos parques no concello é penoso, e di que non hai un só que presente boas condicións, dende os pontóns soltos de San Francisco pasando polas táboas rotas de Ventín ata a PepaPig ou os resortes do Artón, e tendo en conta que no POS 2019 se reservou unha importante partida a pesar de que se veu reducida pola insistencia do PSOE de que se investise no aparcamento do Cabo. E indica que lles parece moi grave que os cativos corran perigo de danarse e di que nos vindeiros días darán entrada a un informe sobre este tema e rogan que se teña en conta.

A Sra. alcaldesa contéstalle que xa teñen unha memoria técnica elaborada pero que agradecen as achegas.

Continúa a Sra. Lago dicindo que chega o verán e moitas familias encóntranse co tema da conciliación, polo que pregunta se se van facer actividades para facilitar a conciliación real e non só unhas horas. Di tamén, que hai familias que demandan programas do estilo madrugadores, que permita deixar aos máis pequenos no colexio antes do comezo das clases, e pregunta se o Concello ten pensado implantar este programa.

Di que a marquesiña das Rusiñas, fronte a Carleiras, está rota e é inútil cando chove pola súa situación, polo que rogan que lle dean solución.

Pregunta cando vai comezar coa limpeza das praias.

Pregunta tamén polo programa Apego, se se vai reanudar.

Remata a Sra. alcaldesa dicindo que os rogos atenderanos na medida do posible e as preguntas quedan para o próximo pleno.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte horas e cincuenta minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral

Documento asinado electronicamente

